

CONDICIÓN XERAIS DE ORGANIZACIÓN E MEDIDAS ORGANIZATIVAS PARA A SEGUNDA QUENDA DO CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN 2020 ADAPTADAS Á SITUACIÓN DE COVID-19

Condicións xerais de organización das actividades

O campamento vaise realizar nas instalacións de Agarimo (Rúa Padre Villa, 30) en horario de 10:00 a 14:00 horas.

Sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan, tentarase que un número importante de actividades se leven a cabo ao aire libre. De non ser posible, poñerase especial atención ao distanciamento físico de 1,5 metros, e cando este non sexa posible, empregar máscara.

As persoas participantes maiores de 6 anos que empreguen o servizo de transporte deberán levar obrigatoriamente máscara, tanto para a viaxe de ida como para a viaxe de volta.

Habilitouse unha parada diante da Oficina de Turismo de Arteixo para aquelas familias que vivan no centro urbán e queiran empregar o servizo de transporte

Os horarios estimados do servizo de transporte colgaranse mañá na web.

Prégase que estean nas paradas coa debida antelación.

As persoas participantes que asistan ao servizo de madrugadores e/ou almorzo cando cheguen Agarimo deben chamar ao teléfono que está indicado no exterior para que o monitorado lles abra as instalacións.

En ningún caso os pais/nais, titores sobrepasarán a zona de acceso que estará debidamente sinalizada.

As persoas participantes que asistan unicamente ao servizo de campamento, deberán esperar no exterior de Agarimo a ser chamados polo monitorado.

Para a recollida das persoas participantes seguiranse as mesmas indicacións. Os pais/nais ou titores esperarán no exterior da instalación a que o monitorado organice a saída.

Recoméndase que leven unha roupa cómoda e deportiva, pois a maioría das actividades, sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan, vanse levar a cabo no exterior.

Por este motivo recoméndase que leven viseira e protección solar.

Recoméndase enviarlle algún tentempie ou menú saudable para media mañá.

O servizo de comedor remata ás 16:00 horas.

Ningunha persoa participante poderá abandonar as instalacións antes do remate do campamento ou servizos complementarios, agás casos puntuais debidamente xustificados e autorizados polo Concello.

A realización desta actividade adáptase ás recomendacións e medidas de prevención e seguridade que ditan as autoridades sanitarias competentes. A maiores disto por parte das partes implicadas debe establecerse un compromiso conxunto para que o seu desenvolvemento se poida realizar coas máximas garantías posibles.

Recoméndase que se eviten as alarmas innecesarias e, en todo caso, que se actúe seguindo as indicacións das autoridades sanitarias.

Participación no campamento:

Non poderán participar no campamento os menores que se atopen nalgunha das seguintes situacións, situacións que tamén serán aplicables ao equipo técnico:

- Se a persoa é diagnosticada positiva por COVID-19
- Presenta calquera sintomatoloxía (tos, febre, dificultade para respirar) que poida estar asociada co COVID-19 durante os 14 días previos á súa participación
- Estivo en contacto estreito ou compartindo espazo sen gardar a distancia interpersonal con algunha persoa afectada por COVID-19 nos 14 días previos á súa participación

Actuación ante un posible caso de COVID-19:

O campamento contará cunha persoa coordinadora COVID-19 que será a responsable da coordinación das medidas de prevención e control. Esta persoa será a encargada de contactar coa Comisión municipal de seguemento da evolución do COVID-19 do Concello de Arteixo (CMS ARTEIXO COVID-19).

Ante a manifestación de síntomas relacionados co COVID-19 por parte dalgún participante na actividade, será preciso que os/as pais/nais ou tutores o comuniquen ao monitor/a encargado do grupo que será o encargado de poñer en marcha o protocolo de illamento.

Se algún participante presenta este tipo de síntomas durante o campamento será trasladado a un lugar illado, no que deberá permanecer e portar máscara cirúrxica.

De xeito inmediato, avisarase á familia para que estea en todo momento informada do avance da situación, así coma de calquera decisión que o CMS ARTEIXO COVID-19 poida tomar ao respecto.

O monitorado encargado do grupo no que estivese a persoa participante, encargarase de revisar o círculo de contactos estreito do grupo do neno/a posible afectado. Mentras non se descarte que se trata dun caso infeccioso por COVID-19, procurarase que os seus posibles contactos estreitos teñan a menor interacción posible co resto de participantes.

A maiores das pautas anteriores, en todo momento se seguirán as indicacións das autoridades sanitarias competentes, que serán as que tomen as decisións precisas para protexer a saúde das persoas participantes na actividade.

Formación do monitorado:

Todo o persoal encargado da conducción e organización das actividades que se levan a cabo no campamento ten a seguinte formación básica:

- Formación para adaptar as actividades ás medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias. Revisión das actividades a desenvolver, suprimindo aquelas que promoven o contacto físico máis estreito e primando as que se poden levar a cabo dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, sin perder a dinámica do grupo
- Formación sobre as medidas hixiénico-sanitarias de carácter persoal recomendables.

Formación das persoas participantes:

O primeiro día da actividade daráselle unha formación a todas as persoas participantes sobre as medidas hixiénico-sanitarias recomendables co obxecto de favorecer a asimilación, comprensión e compromiso dos nenos/as participantes.